

FÍSICA E QUÍMICA EXAME 2ª AVALIACIÓN 3º ESO 6-3-09

Nome e apelidos:

1. Clasifica as seguintes substancias en mesturas heteroxéneas, mesturas homoxéneas, compostos e elementos, xustificando a resposta: sangue, mercurio, granito, osíxeno, aire, dióxido de carbono. **(2 puntos)**

2. **a)** Explica a diferenza entre disolución concentrada e disolución saturada. **(1 punto)**

b) Indica o nome do proceso que usarías para realizar as seguintes separacións, indicando tamén en que propiedade se basea cada un dos métodos de separación:

1. Separación de aceite e auga.
2. Separación de sal común e auga.
3. Separación dos compoñentes dunha tinta
4. Separación de alcol e auga.
5. Separación de area e auga
6. Separación de limaduras de chumbo e limaduras de ferro.

(1.5 puntos)

3. Unha botella de viño de 750 mL leva a seguinte indicación: 8.5° (8.5 % en volume). **a)** Explica o significado da indicación. **b)** Calcula o volume de alcol etílico (soluto) que hai na botella. **(1.5 puntos)**

4. Explica como prepararías no laboratorio 250 mL dunha disolución de cloruro de sodio (NaCl) en auga (H₂O) de concentración 20 g/L. Fai os cálculos necesarios para preparala e indica o nome e o debuxo do material que usarías. **(2 puntos)**

5. Explica como separarías no laboratorio unha mestura de area, sal e limaduras de ferro, debuxando o material que usarías e indicando o seu nome. **(2 puntos)**